



## ACTA DE RECEPCIÓN

<b>Obra:</b>	PROXECTO MODIFICADO Nº 1: SANEAMENTO EN AS PONTIGAS
<b>Situación:</b>	LUGAR DE AS PONTIGAS (CONCELLO DE CEDEIRA)
<b>Plan/Convenio:</b>	PLAN ÚNICO DE CONCELLOS / POS+ 2017
<b>Concello(s):</b>	CEDEIRA
<b>Contratista:</b>	URES PA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.
<b>Orzamento:</b>	100.000,00 € (LICITACIÓN, I.V.E. ENGADIDO) / 80.000,00 € (ADXUDICACIÓN, I.V.E. ENGADIDO)

ASISTENTES
Conforme, o/a representante do Concello contratante  Asdo.: PABLO D. MOREDA GIL
Conforme, o/a director/a das obras  Asdo.: IGOR VERGARA OTERO
Conforme, o/a representante da empresa contratista  Asdo.: MIGUEL AMADO FERNÁNDEZ

Na data do 04/02/2021, reúnen-se no lugar sinalado os asistentes que se relacionan á marxe, coa finalidade de recibir as obras de referencia. Concorren tamén representantes da Intervención municipal, co exclusivo obxecto de comprobar a efectiva realización material das obras previstas aplicando as inversións públicas consignadas neste contrato.

Efectuase este acto en cumprimento do disposto nos art. 210, 242 e 243 da L 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nos art. 163 ao 173 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o seu Regulamento xeral. Así mesmo, o exercicio da función de fiscalización material das inversións públicas responde ao establecido no art. 214.2.d do RDLex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no art. 20 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, na adc. 3ª da citada L 9/2017 e nas correspondentes cláusulas do Plan ou Convenio aplicable.

Despois de inspeccionar detalladamente as obras, os facultativos do Concello e da Dirección constatan que están completamente rematadas, en bo estado e con axuste ao proxecto relativo a esta contratación; sen prexuízo, no seu caso, de excesos de execución nas unidades previstas e/ou de prezos novos que, sen superar os límites legais, serán determinados na acta de medición xeral preceptiva.

Comprobado, o/a representante da Intervención municipal  Asdo.: CARMEN MENÉNDEZ ARES
--

Con base no así verificado, **o Concello contratante recibe as obras**, a Dirección sinala a data do 04/02/2021 para efectuar a medición xeral e a empresa contratista dáse por notificada de todas estas circunstancias.

En consecuencia con todo o anterior esténdese a presente acta, asinada polos asistentes en quintuplicado exemplar, co fin de que conste para o cómputo do prazo de garantía e demais efectos que resultan oportunos.